



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 12 DE MARZO DO 2020.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día doce de marzo do dous mil vinte, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 5 de marzo de 2020.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta





IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

CONCESIÓN TEMPORAL DO POSTO Nº 8 DO MERCADO MUNICIPAL DE PALMEIRA A EVA CASTRO LAVANDEIRA

Visto o escrito presentado por **Eva Castro Lavandeira**, de data 09/03/2020 (Rexistro de entrada nº 3.478), no que solicita un posto no Mercado Municipal de Palmeira para a venda de flores.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a **Eva Castro Lavandeira** a establecerse no **Posto nº 8 do Mercado Municipal de Palmeira** coa actividade solicitada de venda de flores.
- A autorización concédese con carácter temporal e en tanto en canto non se prodeda á licitación nos termos previstos legalmente
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais para a súa inclusión no correspondente padrón fiscal

CESIÓN DE USO EN RÉXIME DE PRECARIO DUNHA PARCELA MUNICIPAL NO LUGAR DE CARRUPEIRO (RIBEIRA) Á COMUNIDADE DE MONTES DE OLVEIRA.

VISTA a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Medio Ambiente, Parques e Xardíns**, Elvira Pereira Ageitos, de data 09/03/2020, para a cesión do uso dunha parcela de propiedade municipal, situada no lugar de Carrupeiro (Ribeira), á Comunidade de Montes de Olveira coa fin da súa adecuación a zona verde e de lecer, e onde actualmente existe un vertedoiro incontrolado.

CONSIDERANDO que o que se plantexa é unha cesión gratuíta dun ben inmovible e que de acordo co art. 106.1 da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas sería posible legalmente ceder o uso dun ben municipal (neste caso de maneira gratuíta), co que nos encontramos co contrato denominado contrato de comodato, que se recolle nos artigos 1.740 e seguintes do CC, que é posible definilo como o préstamo de uso dun ben ou unha cousa non funxible, polo cal o comodante (neste caso Concello), conserva a propiedade da cousa prestada e o comodatario adquire o uso da mesma sen pagar por elo.

CONSIDERANDO que non se prevén un prazo predeterminado de cesión polo que se acudirá á costume da terra para determinar aquel uso e, en defecto desta, a duración queda ao arbitrio do comodante que poderá reclamarla á súa vontade.

CONSIDERANDO que de acordo co artigo 8.2 da citada Lei 33/2003, no básico en todo caso, a xestión dos bens patrimoniais deberá contribuír ao desenvolvemento das distintas políticas públicas en vigor.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





Primeiro.- Ceder o uso en réxime de precario á **Comunidade de Montes de Oleiros** do ben inmovible público municipal, Parcela 1358, do Polígono 940, no lugar de Carrupeiro (Ribeira), para a súa adecuación a zona verde e de lecer, xunto á parcela contígua propiedade desta Comunidade de Montes.

Segundo.- En todo caso a citada cesión se resolverá de forma inmediata cando a Corporación precise para os fins que lle son propios o ben obxecto de cesión.

Terceiro.- O Concello de Ribeira manterá en todo caso a propiedade e titularidade sobre a parcela cedida, sendo por conta da Comunidade de Montes de Olvera o seu mantemento e conservación mentres a cesión sexa efectiva.

Cuarto.- Se faculta ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Ramona Dorca Rodríguez**, de data 05/02/2020 (Rexistro de entrada nº 1.634), no que solicita certificación urbanística sobre edificación existente situada en Rúa do Porto, nº 53 (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 10/03/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística dende o ano 2000 que afecte á edificación sita en parcela con refª catastral nº 4237101MH9143N0001YZ, sita na Rúa do Porto nº 53, Corrubedo, Ribeira.





VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS - DANIEL AYASO SAINZ.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural C e Solo Rústico de Protección Ordinaria este último non e obxecto de segregación algunha e mantén a súa integridade.

SITUACIÓN: Lugar de Aldea nº 23-A, Poi, Castiñeiras, Riveira.

REFª CATASTRAL: 15074A019006860001LK.

FINCA MATRIZ: Finca con refª catastral nº 15074A019006860001LK, que de acordo coas escrituras de propiedade conta cunha superficie de 4.090,00 m² de acordo coa documentación catastral conta cunha superficie de 4.101,00 m² de acordo co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 4.687,22 m², que linda: Norte estrada; Sur finca con refª catastral nº 15074A019014530000KT, finca con refª catastral nº 15074A019006870000KE, finca con refª catastral nº 15074A019013690000KE; Este camino; Oeste finca con refª catastral nº 15074A019006870000KE e finca con refª catastral nº 15074A019013690000KE.

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A cunha superficie bruta de 3.662,27 m² unha superficie de cesión de 220,39 m² resultando unha superficie neta de 3.441,88 m², que linda: Norte estrada e finca B resultante da segregación; Sur finca con refª catastral nº 15074A019014530000KT; Este camino; Oeste finca con refª catastral nº 15074A019006870000KE e finca con refª catastral nº 15074A019013690000KE.

FINCA B cunha superficie bruta de 1.175,70 m², que linda: Norte estrada; Sur finca A resultante da segregación; Este finca A resultante da segregación; Oeste finca con refª catastral nº 15074A019006870000KE e finca con refª catastral nº 15074A019013690000KE.

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo a oficina técnica comprende unha superficie total de cesión de 220,39 m².

PROMOTOR/A: Sr. Daniel Ayaso Sainz, (D.N.I. 52.455.861-Z).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. José Ramón Boo Pego, (arquitecto técnico col. 2.600).

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de novembro de 2019 / Anexo I ao Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de decembro de 2019 / Plano U2M de febreiro de 2020 / Escritura de manifestación e adxudicación parcial de herencia e compravenda autorizada polo notario de Riveira Óscar Manuel López Doval o día 13 de maio de 2005.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Sr. Daniel Ayaso Sainz, (D.N.I. 52.455.861-Z), solicitábase, en escritos rexistrados de entrada os días 19 e 26 de novembro 26 de decembro de 2019 e 26 de febreiro de 2020, (Rexistro de entrada nº 16.201, 16.543, 17.873), licenza de segregación de parcela con refª catastral nº 15074A019006860001LK, sita no lugar de Aldea nº 23-A, Poi, Castiñeiras, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de novembro de 2019, Anexo I ao Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de decembro de 2019, Plano U2M de febreiro de 2020 redactados polo Sr. José Ramón Boo Pego, (arquitecto técnico col. 2.600) así como Escritura de manifestación e adxudicación parcial de herencia e compravenda autorizada polo notario de Riveira Óscar Manuel López Doval o día 13 de maio de 2005.

SEGUNDO.- O arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos emite informe técnico o día 1 de outubro de 2019.





TERCEIRO.- Consta no expediente plano de cesión emitido pola oficina técnica emitido o día 2 de marzo de 2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL C e SOLO RÚSTICO COMÚN** este último non e obxecto de segregación algunha e mantén a súa integridade.

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de novembro de 2019, Anexo I ao Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de decembro de 2019 U2M de febreiro de 2020 redactados polo Sr. José Ramón Boo Pego, (arquitecto técnico col. 2.600) así como Escritura de manifestación e adxudicación parcial de herencia e compravenda autorizada polo notario de Riveira Óscar Manuel López Doval o día 13 de maio de 2005.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

CUARTO.- O artigo 149 establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

QUINTO.- O artigo 150 establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo





a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

SEXTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

SÉTIMO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos con sinatura dixital favorable o día 1 de outubro de 2019, visto o plano de cesión emitido pola oficina técnica o día 2 de marzo de 2020, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/03/2020, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Daniel Ayaso Sainz a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 2/20)** con refª catastral nº 15074A019006860001LK, sita no lugar de Aldea nº 23-A, Poi, Castiñeiras, Riveira, nos termos do Anexo I ao Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de decembro de 2019 así como Plano U2M de febreiro de 2020 redactados polo Sr. José Ramón Boo Pego resultando finalmente dous de modo que:

- **FINCA MATRIZ:** Finca con refª catastral nº 15074A019006860001LK, que de acordo coas escrituras de propiedade conta cunha superficie de 4.090,00 m² de acordo coa documentación catastral conta cunha superficie de 4.101,00 m² de





acordo co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 4.687,22 m², que linda: Norte estrada; Sur finca con ref^a catastral nº 15074A019014530000KT, finca con ref^a catastral nº 15074A019006870000KE, finca con ref^a catastral nº 15074A019013690000KE; Este camino; Oeste finca con ref^a catastral nº 15074A019006870000KE e finca con ref^a catastral nº 15074A019013690000KE.

- FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

- FINCA A** cunha superficie bruta de 3.662,27 m² unha superficie de cesión de 220,39 m² resultando unha superficie neta de 3.441,88 m², que linda: Norte estrada e finca B resultante da segregación; Sur finca con ref^a catastral nº 15074A019014530000KT; Este camino; Oeste finca con ref^a catastral nº 15074A019006870000KE e finca con ref^a catastral nº 15074A019013690000KE.
- FINCA B** cunha superficie bruta de 1.175,70 m², que linda: Norte estrada; Sur finca A resultante da segregación; Este finca A resultante da segregación; Oeste finca con ref^a catastral nº 15074A019006870000KE e finca con ref^a catastral nº 15074A019013690000KE.
- SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a oficina técnica comprende unha superficie total na franxa sita no lindeiro da Finca A de cesión de 220,39 m².

SEGUNDO.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a oficina técnica comprende unha superficie total de cesión de 220,39 m² na franxa sita no lindeiro da Finca A.

Asimesmo deberá completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento*





urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS - M^a JOSEFA AYASO GARCÍA.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada e Solo Rústico de Protección Ordinaria.

SITUACIÓN: Lugar de Areeiros, Castiñeiras, Riveira.

REF^a CATASTRAL: 15074A821002560000ZR e 15074A821002570000ZD.

FINCA MATRIZ: Finca con ref^a catastral nº 15074A821002560000ZR e nº 15074A821002570000ZD, que de acordo coas escrituras de propiedade co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 4.500,00 m² e de acordo coa documentación catastral conta cunha superficie de 3.739,00 m², que linda: Norte Sra. M^a Dolores Romero Santamaría; Sur M^a del Carmen Amar Martínez; Este camino; Oeste M^a Pilar Romero Santamaría.

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A emprazada en Solo Rústico de Protección Ordinaria que non e obxecto de segregación algunha e mantén a súa integridade cunha superficie neta de 3.203,00 m² que linda: Norte Sra. M^a Dolores Romero Santamaría; Sur M^a del Carmen Amar Martínez; Este finca B e C resultante da segregación; Oeste M^a Pilar Romero Santamaría.

FINCA B cunha superficie bruta de 631,00 m², unha superficie de cesión de 89,00 m² resultando unha unha superficie neta de 542,00 m², que linda: Norte Sra. M^a Dolores Romero Santamaría; Sur finca C resultante da segregación; Este camino; Oeste finca A resultante da segregación.

FINCA C cunha superficie bruta de 666,00 m², unha superficie de cesión de 130,00 m² resultando unha unha superficie neta de 536,00 m², que linda: Norte finca B resultante da segregación; Sur M^a del Carmen Amar Martínez; Este camino; Oeste finca A resultante da segregación.

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira resulta na franxa sita no lindeiro da Finca B unha superficie de 89,00 m² e na Finca C unha superficie de 130,00 m² comprende unha superficie total de cesión de 219,00 m².

PROMOTOR/A: Sra. M^a Josefa Ayaso García, (D.N.I. 52.451.095-D).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Juan Carlos Ecuris Villa, (enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico col. 1.166).

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de novembro de 2019 / Anexo ao Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de decembro de 2019 / Escritura de aceptación e adxudicación parcial de herencia autorizada polo notario de Boiro José Prieto Luengo / Documentos privados de compra do ano 1956.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola Sra. M^a Josefa Ayaso García, (D.N.I. 52.451.095-D), solicitábase, en escritos rexistrados de entrada os días 13 de novembro 4 de decembro de 2019 e 26 de febreiro de 2020, (Rexistro de entrada nº 15.942, 16.923 e 2.902), licenza de segregación de parcela con ref^a catastral nº 15074A821002560000ZR e nº 15074A821002570000ZD, sita no lugar de Areeiros, Castiñeiras, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de novembro de 2019, Anexo ao Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de decembro de 2019 redactados polo Sr. Juan Carlos Ecuris Villa, (enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico col. 1.166), así como Escritura de aceptación e adxudicación parcial de herencia autorizada polo notario de Boiro José Prieto Luengo así como Documentos privados de compra do ano 1956.

SEGUNDO.- Consta no expediente informe emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos o día 11 de novembro de 2019.





TERCEIRO.- Consta no expediente plano de cesión emitido pola oficina técnica emitido de marzo de 2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA e SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA.**

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de novembro de 2019, Anexo ao Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de decembro de 2019 redactados polo Sr. Juan Carlos Escuris Villa, (enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico col. 1.166), así como Escritura de aceptación e adjudicación parcial de herencia autorizada polo notario de Boiro José Prieto Luengo así como Documentos privados de compra do ano 1956.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

CUARTO.- O artigo 149 establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

QUINTO.- O artigo 150 establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo





a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- d) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- e) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- f) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

SEXTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

SÉTIMO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos o día 11 de novembro de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/03/2020, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. M^a Josefa Ayaso García a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 3/20)** con ref^a catastral nº 15074A821002560000ZR e nº 15074A821002570000ZD, sita no lugar de Areeiros, Castiñeiras, Riveira, nos termos do Anexo ao Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de decembro de 2019 redactados polo Sr. Juan Carlos Escuris Villa, (enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico col. 1.166) resultando finalmente tres fincas de modo que:

- **FINCA MATRIZ:** Finca con ref^a catastral nº 15074A821002560000ZR e nº 15074A821002570000ZD, que de acordo coas escrituras de propiedade co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 4.500,00 m² e de acordo coa documentación catastral conta cunha superficie de 3,739,00 m², que linda:





Norte Sra. M^a Dolores Romero Santamaría; Sur M^a del Carmen Amar Martínez; Este camino; Oeste M^a Pilar Romero Santamaría.

- **FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:**
- **FINCA A** emprazada en Solo Rústico de Protección Ordinaria que non e obxecto de segregación algunha e mantén a súa integridade cunha superficie neta de 3.203,00 m² que linda: Norte Sra. M^a Dolores Romero Santamaría; Sur M^a del Carmen Amar Martínez; Este finca B e C resultante da segregación; Oeste M^a Pilar Romero Santamaría.
- **FINCA B** cunha superficie bruta de 631,00 m², unha superficie de cesión de 89,00 m² resultando unha unha superficie neta de 542,00 m², que linda: Norte Sra. M^a Dolores Romero Santamaría; Sur finca C resultante da segregación; Este camino; Oeste finca A resultante da segregación.
- **FINCA C** cunha superficie bruta de 666,00 m², unha superficie de cesión de 130,00 m² resultando unha unha superficie neta de 536,00 m², que linda: Norte finca B resultante da segregación; Sur M^a del Carmen Amar Martínez; Este camino; Oeste finca A resultante da segregación.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira resulta na franxa sita no lindeiro da Finca B unha superficie de 89,00 m² e na Finca C unha superficie de 130,00 m² comprendendo unha superficie total de cesión de 219,00 m².

SEGUNDO.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 219,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Finca B unha superficie de 89,00 m² e na Finca C unha superficie de 130,00 m².

Asimesmo deberá completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*





- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Sergio Pardavila Lustres por danos no vehículo matrícula 8714 BLT ocasionados ao bater contra unha rocha cando circulaba pola Rúa Peteiras, parroquia de Aguiño. Expediente: RP/22/2018.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Sergio Pardavila Lustres** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 02 de xullo de 2018, D. Sergio Pardavila Lustres, con DNI número 52934226W, circulaba no vehículo da súa propiedade, marca Citroen, modelo Xsara, matrícula 8714BLT, pola rúa Peteiras, parroquia de Aguiño, cando, á altura do inmobile número 5, ao tomar unha curva pechada á súa dereita, bateu cunha rocha existente na calzada o que lle ocasionou unha serie de danos no automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 10/12/2018 co número 17.476, D. Sergio Pardavila Lustres, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 2.244,31 euros, mais os xuros que legalmente lle correspondan dende a data do sinistro.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do atestado nº 61/2018 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira; copia simple do permiso de circulación do vehículo; copia simple do permiso de condución do reclamante; copia simple dun informe-valoración emitido por "Talleres Deus, S.L."; seis fotografías da rúa na que tivo lugar o accidente; e catorce fotografías dos elementos danados do vehículo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico rexistrado de entrada na data 18/01/2019 co número 784; informe remitido na data 05/02/2019 por Mapfre, entidade aseguradora do Concello; Atestado nº AT 61/2018, remitido pola Policía local; e informe emitido na data 02/09/2019 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións polo reclamante en escrito rexistrado de entrada na data 18/02/2020 co número 2.453, e no que reitera a súa petición inicial.



FIRMANTE - FECHA





FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 26/03/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/03/2020 10:32:51





indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, D. Sergio Pardavila Lustres, á data do sinistro, era titular do vehículo matrícula 8714BLT**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe-valoración emitido por “*Talleres Deus, S.L.*” que o reclamante achega coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario.** Así, a estes efectos, a Policía Local no Atestado nº 61/2018 realizado na data do accidente dispón que: *“(…) TIPO DE ACCIDENTE Y DENOMINACIÓN DE VEHÍCULOS IMPLICADOS: El accidente de circulación que nos ocupa es del tipo: Choque con roca en calzada, por el número de elementos implicados es simple estando implicado en el mismo el vehículo de la marca Citroen, modelo Xsara, color rojo, matrícula 8714BLT al que a partir de este momento se le denominará como vehículo “A” en movimiento. A la llegada del actuante el vehículo implicado no se hallaba en su posición final. (...) DILIGENCIAS DE CIRCUNSTANCIAS CONCURRENTES. TRAYECTORIA DE LOS VEHÍCULOS. El accidente se produjo en la calle Peteiras a la altura del nº 5 de la parroquia de Aguiño concello de Ribeira circulando el vehículo reseñado como “A” en dirección de la calle Celeirás hacia el lugar de A Cerca. DESCRIPCIÓN DE LA VÍA, SEÑALIZACIÓN EXISTENTE Y FIRME DE LA CALZADA. La calle*



FIRMANTE - FECHA





*Peteiras es una vía de doble sentido de la circulación, con un ancho de calzada suficiente para la circulación del vehículo implicado. **El accidente se produjo en una curva fuerte a la derecha.** La señalización vertical existente es la siguiente: **no existe señalización vertical en la zona donde se produjo el accidente.** La señalización horizontal apreciable es la siguiente: **no existe señalización horizontal en la zona donde se produjo el accidente, no estando delimitados los carriles del mismo sentido de circulación.** El firme o superficie de la calzada es de asfalto, en buen estado de conservación y hallándose en el momento del siniestro seco y con gravilla suelta. CIRCULACIÓN Y ESTACIONAMIENTO. La circulación en el momento de la inspección era escasa. No había vehículos estacionados en el área de influencia. VISIBILIDAD, ILUMINACIÓN Y ESTADO ATMOSFÉRICO. **La visibilidad en el lugar donde se produjo el accidente era reducida por configuración del terreno.** La iluminación existente en esos momentos era suficiente por la luz solar. El estado atmosférico era de buen tiempo. DILIGENCIAS DE INSPECCIÓN OCULAR. HUELLAS, VESTIGIOS, RESTOS E INDICIOS Y PROBABLE PUNTO DE COLISIÓN. **En la vía e inmediaciones donde se produjo el accidente, se pudo observar la presencia de una roca en el carril de circulación a unos 40 cms del muro perimetral de la vivienda nº 5 de la calle Peteiras, la cual se encuentra tapada por hierbas que crecieron alrededor de la misma (ver fotografías del accidente).** **De lo cual se puede deducir como probable punto de colisión la posición donde se encuentra la piedra tapada con las hierbas.** POSICIÓN FINAL Y DAÑOS EN EL VEHÍCULO (...). A la llegada del actuante la posición final del vehículo era la siguiente: El Vehículo "A" se encontraba situado a varios metros del posible punto de colisión y **presentaba daños en la llanta y tapacubos de la rueda trasera derecha y en la parte baja de entre ruedas del lateral derecho** (ver fotografías del accidente). DILIGENCIA DE PROBABLE DESARROLLO DEL ACCIDENTE. Es parecer del policía actuante fundamentándose en las circunstancias concurrentes, inspección ocular realizada y manifestaciones del conductor, que el accidente tuvo lugar el siguiente desarrollo: El vehículo "A" que circulaba por la calle Peteiras en dirección hacia el lugar de A Cerca cuando al llegar a la curva a derecha con poca visibilidad se arrima lo más posible a la derecha para evitar colisionar con algún vehículo que pudiese circular en dirección contraria y al pasar por encima de las hierbas que tapaban la roca que hay en el lugar choca con la misma produciéndose los daños al vehículo. DILIGENCIA DE CAUSA PROBABLE DEL ACCIDENTE (JUICIO CRÍTICO) **Es parecer del policía actuante fundamentándose en las circunstancias concurrentes, inspección ocular realizada, huellas, restos y vestigios observados, manifestación de conductor y posición final del vehículo, que el accidente se produjo como consecuencia de la presencia de la roca en el carril de circulación. Siendo el titular de la vía el Concello de Ribeira.**"*

A este respecto, compre recordar o disposto no artigo 77.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que plasma o principio de presunción de veracidade dos feitos constatados por funcionario en documentos "observando os requisitos legais pertinentes": *"Los documentos formalizados por los funcionarios a los que se reconoce la condición de autoridad y en los que, observándose los requisitos legales correspondientes se recojan los hechos constatados por aquéllos harán prueba de éstos salvo que se acredite lo contrario."*

Non debemos esquecer, polo tanto, o valor dos atestados e informes, neste caso da Policía local, en orde a que as súas apreciacións sobre as previsibles causas determinantes do accidente constitúen unha avaliación técnica, a cal se contén nun documento público que, en canto tal, e por estar elaborado por un funcionario público autorizado para iso, en exercicio das súas propias funcións como axente da autoridade, produce un agravamento do onus probandi, polo valor e privilexiada forza probatoria que posúe a documental pública.





En definitiva, dada a presunción legal de certeza e obxectividade dos datos que se fan figurar nos atestados policiais, estase ante unha proba preconstituída que favorece ó reclamante, evitándolle dotarse doutras probas, e impón á Administración, no caso que nos ocupa, probar en contrario os feitos constitutivos do dano de xeito contradictorio ó que figura no informe policial.

Así, neste caso, e en relación ás alegacións presentadas pola entidade aseguradora Mapfre, non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante no momento da condución ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Citroen, modelo Xsara, matrícula 8714 BLT, propiedade de D. Sergio Pardavila Lustres.

QUINTO.-

Sentada a concorrencia de relación causal, é preciso entrar a cuantificar a indemnización procedente, dado as alegacións formuladas pola entidade aseguradora do Concello.

Segundo ten declarado a Sala 1ª do Tribunal Supremo, na súa coñecida Sentencia de data 03/03/1978, a forma de facer fronte á responsabilidade derivada da culpa extracontractual ou aquiliana, non pode quedar, no noso Ordenamento Xurídico, ao arbitrio do axente produtor do dano, de cuxo resarcimento se trata, nin ó das persoas comprendidas no artigo 1.903 do Código Civil, nin, no seu caso, ó das Compañías aseguradoras destas últimas, de xeito tal que gocen da facultade de elixir libremente entre repoñer a cousa danada ao estado que tiña con anterioridade ao momento en que se lle ocasionaron os seus estragos, ou substituíla por outra distinta e de condicións análogas ás que sexa obxecto do debate, que se poida adquirir de segunda man no mercado.

Esta doutrina, non presenta dubida algunha na práctica, cando o prexudicado leva a cabo a reparación, e o valor da mesma, non supera economicamente, o prezo dun automóbil novo, da mesma marca e modelo, agora ben, non debe aplicarse, naqueles supostos nos que se manifesta a intención de non reparación, ou se acredite a imposibilidade de reparar o vehículo, en cuxo caso procede indemnizar o importe do valor venal, máis, no seu caso, o valor de afección, e si debe ter virtualidade, cando si ben non se reparou o vehículo antes ou durante a tramitación do procedemento, acredítase a posibilidade da restitución “*in natura*” e é patente a intención do prexudicado en tal sentido, porque en tal situación non pode impoñerse ao prexudicado a obriga de anticipar os gastos necesarios para a reparación, debendo indemnizar o importe peritado da mesma, pois outra solución conduciría a abonar unha cantidade inferior ao prezo real do dano causado, violando o tenor literal do artigo 1902 do Código Civil e a xurisprudencia citada.

No presente caso, no informe-valoración emitido por “*Talleres Deus, S.L.*”, que achega o reclamante co seu escrito de reclamación, apreciase que a reparación é tecnicamente posible, considerándose demostrado a intención do prexudicado de reparar o automóbil, xa que así se reflicte no seu escrito de reclamación, no que non solicita o pago do valor venal do vehículo, é dicir, non efectúa esa petición, senón que o que solicita é que se lle indemnice o importe correspondente para a súa restitución “*in natura*”, sendo así que





actualmente o vehículo segue en circulación, baixo a titularidade do propio reclamante, como así consta no padrón municipal de vehículos deste concello e no escrito de alegacións presentado polo reclamante no trámite de audiencia deste procedemento. Polo tanto, nestes casos, debe estimarse a reparación, evitando así un posible lucro inxusto do axente produtor do dano.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Siera Ríos, de data 09/03/2020, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/03/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Sergio Pardavila Lustres, na contía de 2.244,31 euros, máis os xuros que legalmente lle correspondan.

O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Riveira abonará 150 euros, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas, mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 2.094,31 euros, máis os xuros que legalmente lle correspondan.

2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JUAN ANDRÉS RODRÍGUEZ SAMPEDRO, POR DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 0463CKN, OCASIONADOS AO BATER CONTRA O MESMO UNHA TAPA DE SUMIDOIRO NA RÚA CARBALLEIRA. Expediente RP/5/2019.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Juan Andrés Rodríguez Sampedro**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 24 de setembro de 2018, D. Ángel Basada Millán circulaba no vehículo propiedade de D. Juan Andrés Rodríguez Sampedro, marca Kia, modelo Río, con placas de matrícula 0463-CHN, pola rúa Carballeira, na parroquia e municipio de Riveira, cando, á altura do número 39, bateu o vehículo contra a tapa dun sumidoiro que presentaba o borde de cemento en mal estado, polo que o automóbil resultou danado.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 18/03/2019 co número 3.735, D. Juan Andrés Rodríguez Sampedro, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos sufridos no vehículo marca Kia, modelo Río, con placas de matrícula 0463CKN, que cuantifican na contía total de 770,19 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do permiso de circulación e inspección técnica do vehículo; copia simple do atestado elaborado pola Policía local do Concello de Riveira por mor do accidente; copia simple do permiso de condución; copia simple do informe pericial elaborado por D. Roberto M. Conde Santos; copia simple do DNI do reclamante; e copia simple de certificación de conta bancaria.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:





- Certificado de titularidade do vehículo accidentado, remitido pola Xefatura Provincial de Tráfico, rexistrado de entrada na data 07/06/2019 co número 8.024.
- Informe emitido na data 13/06/2019 pola Policía local.
- Informe emitido pola entidade Viaqua rexistrado de entrada na data 12/06/2019.
- Informe emitido na data 03/01/2020 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, no que consta a presentación de alegacións por parte do reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 06/02/2020 co número 1.689, e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 26/03/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/03/2020 10:32:51





lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía de Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, a reclamación fórmulase en tempo e forma, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, D. Juan Andrés Rodríguez Sampedro ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento por ser o titular do vehículo accidentado, tal e como resulta do certificado de titularidade do vehículo emitido pola Dirección Xeral de Tráfico que consta no expediente.

Independentemente do *quantum* que, chegado o caso, proceda recoñecer, resulta demostrado o dano que motiva a reclamación tal e como se desprende do informe pericial que figura no expediente.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público correspondente á rede de saneamento e sumidoiros do Concello de Ribeira.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do referido servizo público municipal**, como así se pon de manifesto **no informe emitido pola Policía local** na data 13/06/2019: *"(...) Que es estimación de los policías intervinientes, que el mal estado del soporte de hormigón de esa tapa de alcantarillado fue el causante de los daños en el vehículo de referencia. Que la tapa de alcantarillado se encuentra situada en el carril de circulación y que en el momento del accidente no se encontraba señalizada; ni se tenía conocimiento por este Departamento de Policía Local, de reclamaciones o quejas por su mal estado anteriores al día del accidente. Que no se había apreciado ninguna causa imputable a la conducción, para la consecuencia u ocurrencia del accidente."*

Así mesmo, a entidade VIAQUA, como concesionaria dos servizos públicos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, no seu informe rexistrado de entrada na data 12/06/2019 dispón que: *"1) Este servizo tivo coñecemento dos feitos polo que se reclama, xa que fomos requiridos pola policía local no momento dos feitos. 2) O mantemento da rede de saneamento municipal que discorre pola rúa Carballeira é competencia deste servizo. 3) Na data do sinistro, o formigón que suxeita o rexistro de*



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 26/03/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/03/2020 10:32:51





fundición tiña varias fendas, tamén faltaba unha peza de lastro a carón do cerco e varias pezas mais estaban mal suxeitas. (...)”.

Sen embargo, na determinación da orixe do mal estado da tapa do sumidoiro os informes existente non son contestes. Así, fronte ao informe emitido pola entidade concesionaria, que dispón que a orixe do sinistro: *“debese a unha deficiente colocación do lastro que está a carón do cerco de formigón. O movemento destas pezas (incluído a desaparición dunha delas) fixo que o cerco de formigón perdese resistencia ao paso dos vehículos provocando as fendas no mesmo. Este extremo pódese comprobar no caso da tapa que está a carón da afectada, onde non se aprecian deficiencias na colocación do lastro e non falta ningunha peza, polo que o cerco de formigón atopase en perfecto estado.”*; **a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 03/01/2020, realiza a seguinte afirmación:** *“la calle Carballeira es una calle cuyo adoquinado se ha realizado hace aproximadamente unos 8 años, presenta un buen estado general, sin defectos apreciables a simple vista, y el adoquín con el que se ha pavimentado la calle es un material que no suele fallar ni dar problemas. A la vista de las fotografías tomadas tanto por la empresa Viaqua (entidad concesionaria de los servicios públicos de abastecimiento de agua potable y saneamiento del Ayuntamiento de Ribeira), como por la Policía local en el Atestado realizado tras el accidente por el que se reclama, y teniendo en cuenta las características del adoquín, puede afirmarse que el origen del siniestro, no se debe a una deficiente colocación de los adoquines, sino a un mal estado del cerco de hormigón que sujeta la tapa del alcantarillado, y cuyo mantenimiento es competencia de Viaqua. Ese mal estado del cerco de hormigón es el que ha causado que se movieran parte de los adoquines que están colocados al lado del cerco, y no al revés. De hecho, en las fotografías puede apreciarse que el cerco está roto en su totalidad, en cambio, los adoquines solo lo están por el lado del cerco de hormigón.”*

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público correspondente á rede de saneamento e sumidoiros, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos derivados da existencia dun sumidoiro coa tapa en mal estado, xa que, aínda que a titularidade do sumidoiro existente na Rúa Carballeira é municipal, e o mantemento e a reparación da correspondente rede de saneamento e sumidoiro municipal constitúen unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 c) e 26.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, constátase que o mantemento da rede de sumidoiros do Concello de Ribeira compete á entidade VIAQUA como concesionaria do servizo.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, o no contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación





daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, dos servizos públicos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Riveira, asinado na data 30/07/2010 entre o Concello de Riveira e a entidade VIAQUA, dispón na súa cláusula 23 que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: "(...) g) *Indemnizar polos danos que se causen a terceiros polo normal ou anormal funcionamento dos servizos, a non ser que o dano sexa producido por causas imputables á Administración ou por forza maior*". E a cláusula 46 do citado contrato dispón que o concesionario terá ao seu cargo as obras e instalacións municipais de Abastecemento de Auga Potable e Sumidoiro do Concello de Riveira, sendo responsable do seu bo funcionamento e conservación.

En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.

A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración quen, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de D. Juan Andrés Rodríguez Sampedro, deuse audiencia á entidade concesionaria VIAQUA, mediante escrito de trámite de audiencia rexistrado de saída na data 16/01/2020 co número 218 e notificado na data 21/01/2020, quen puido realizar as alegacións que tivo oportunas, polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade concesionaria, por desprenderse esta do atuado no expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Siera Ríos, de data 05/03/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Juan Andrés Rodríguez Sampedro, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización de 770,19 euros.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender o pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade concesionaria do servizo público de abastecemento de auga potable e saneamento VIAQUA, de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da prestación do citado servizo e en virtude das cláusulas 23 g) e 46 do contrato administrativo.

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido polo **Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela** (Rexistro de entrada nº 17.455 de data 16/12/2020), no que remite sentenza nº 233/2019, de data 28/10/2019, declarando inadmisíbel o recurso contencioso-administrativo (Proc. Ordinario 331/2018) presentado por Manuel Ageitos Gago contra resolución de data 31/07/2018, ditada polo Concello de Ribeira sobre contaminación acústica, por falta de lexitimación activa.

2.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito remitido pola **Vicesecretaría da Deputación Provincial da Coruña**, de data 10/03/2020 (Rexistro de entrada nº 3.568), relativo ao novo convenio de colaboración en materia de xestión catastral subscrito entre a Deputación Provincial da Coruña coa Dirección Xeral do Catastro en data 31/01/2020 e, por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado do mesmo á Tesourería Municipal

3.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito remitido polo **Servizo de Urbanismo - Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, de data 10/03/2020 (Rexistro de entrada nº 3.509), relativo á Modificación Puntual do PXOM para incorporar Sistema Xeral de Infraestrutura contido no Plan de Saneamento Local da Ría de Arousa, Marxe Dereita, Concello de Ribeira e A Pobra, publicación no BOP (Expte. PTU AC 13 095), e por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado do mesmo ao Servizo Municipal de Urbanismo.





4.- Visto o escrito presentado por **María José Sampedro Fernández**, de data 20/02/2020 (Rexistro de entrada nº 2.580) no que solicita a instalación dun espello de tráfico no lugar de Saíñas, cruce coa estrada AC-305 (Punto kilométrico 37,500), debido á falta de visibilidade ao incorporarse á vía principal.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Policía local, de data 05/03/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a instalación dun espello de tráfico no lugar de Saíñas, cruce coa estrada AC-305 (Punto kilométrico 37,500), según o sinalado no citado informe policial.

5.- Visto o escrito presentado por Asesoría Beny García, S.L., en representación da **Comunidade de Propietarios Urbanización Praia da Ribeira, nº 3 Aguiño**, de data 30/07/2019 (Rexistro de entrada nº 10.842) no que solicita a instalación dun espello de tráfico na Rúa Praia da Ribeira, nº 3 (Aguiño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Policía local, de data 03/03/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) Autorizar a instalación dun espello de tráfico na Rúa Praia da Ribeira, nº 3 (Aguiño), con reforzo de pintado de liña amarela no lugar onde se ubique o citado espello co fin de evitar estacionamentos que comprometan a súa correcta visibilidade, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá ser o solicitante (Comunidade de Propietarios Urbanización Praia da Ribeira, nº 3 Aguiño) o que deberá asumir o custo da súa adquisición e mantemento, sendo o concello o encargado da súa instalación.
- c) Asímismo, requírese á Comunidade de Propietarios Urbanización Praia da Ribeira, nº 3 Aguiño para que solicite licenza municipal de vao permanente, en base a que é condición indispensable según o establecido no artigo 14.2 da Ordenanza de Circulación do Concello de Ribeira.

6.- Visto o informe presentado pola **Policía Local**, de data 06/03/2020, relativo á instalación dun espello de tráfico na Rúa Marxe Dereita, debido á dificultade e perigo que presenta acceder á citada rúa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a instalación dun espello de tráfico na Rúa Marxe Dereita, según o sinalado no citado informe policial.





ESTADO PERMISOS DE ACCESO E CONEXIÓN DO PARQUE EÓLICO SINGULAR MONTE FORCADOS (3 MW) E PROPOSTA DE ACTUACIÓN ANTE A INMINENTE CADUCIDADE DOS MESMOS DEBIDO Ó CAMBIO NORMATIVO.

ACREDITADO que os permisos actuais de acceso e conexión do Parque Eólico Singular **MONTE FORCADOS**, do que é concesionaria a entidade **NORVENTO S.L.U** caducarán o vindeiro 31 de marzo de 2020.

VISTO que o 27 de decembro de 2017 publicouse a **Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico**, e que no **artigo 33** da devandita Lei fíxase un prazo de caducidade de 5 anos dende o otorgamento dos permisos de acceso e conexión para as instalación que non obtiveran acta de posta en servizo nese prazo, e que deberá existir un Real Decreto de acceso e conexión que será o que fixe os criterios para a concesión dos permisos de accesos e conexión.

CONSIDERANDO que a **Disposición Transitoria undécima da Lei 24/2013** establece que o artigo 33 só será de aplicación unha vez entre en vigor o Real Decreto polo que se aproben os criterios para a concesión dos permisos de acceso e conexión, Real Decreto que aínda non está aprobado, polo que o disposto no artigo 33 non resulta de aplicación polo momento.

VISTO que en data 6 de outubro de 2018 publicouse o **Real Decreto Lei 15/2018, de 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores**, Real Decreto que no seu **artigo 19.2** modifica a **disposición transitoria oitava da Lei 24/2013**, establecendo unha caducidade para os dereitos de acceso e conexión concedidos con anterioridade á entrada en vigor da Lei, en caso de non haber obtido autorización de explotación da instalación de xeneración asociada antes do 31 de marzo de 2020.

ACREDITADO ante esta Administración municipal que a entidade **NORVENTO** conta coa intención de desenvolver este proxecto, para o cal é necesario dispor de acceso e conexión e coa fin de evitar a caducidade, polo que **resulta preciso solicitar unha renovación dos devanditos permisos de acceso e conexión do Parque Eólico Singular**, figura que non existe na lexislación vixente.

VISTA a proposta realizada pola entidade **NORVENTO** no senso de que a opción máis similar a solicitar unha solicitude de prórroga, con encaixe dentro da lexislación actual, pasa por presentar unha solicitude á distribuidora na que no mesmo acto por un lado se renuncie ó permiso actual e por outro se solicite un novo permiso de acceso e conexión ó Parque Eólico Singular,

A Xunta de Goberno Local, en virtude das competencias delegadas pola Alcaldía a través de Resolución de 17 de xuño de 2019, **acorda** por unanimidade dos seus oito membros de dereito:

Primeiro:-Asumir como propia a proposta formulada pola entidade **NORVENTO S.L.U** coa fin de manter a posibilidade de desenvolvemento de proxecto e, en consecuencia, amosar o acordo do Concello de Ribeira como titular da instalación,





no senso de formular solicitude á distribuidora na que no mesmo acto por un lado se renuncie ó permiso actual e por outro se solicite un novo permiso de acceso e conexión ó Parque Eólico Singular.

Segundo:- Remitir con carácter urxente o presente acordo á entidade **NORVENTO S.L.U** coa fin de que procedan a redactar e remitir para aprobación a documentación necesaria para presentar o comunicado dos permisos de acceso e conexión actuais, e a nova solicitude de permiso de acceso e conexión.

Terceiro:- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á MODIFICACIÓN DO PUNTO 5º DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19/12/2019, POLO QUE SE ADQUIRE UNHA PARCELA NO LUGAR DE GODA, PARROQUIA DE ARTES, PROPIEDAD DE Dª RAMONA REIRIZ GONZÁLEZ, CO FIN DE DESTINALA A ESPAZO PÚBLICO.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

1º A Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada na data 19/12/2019, acordou adquirir o inmovible que se describe a continuación, propiedade de Dª Ramona Reiriz González, con DNI número 76490341T, polo prezo total de 6.706,48 €, que se fará efectivo mediante o correspondente cheque nominativo coa sinatura da escritura pública de compravenda:

Descrición: *Rústica: “CAMPO DE GODA”, a inculto, sita no lugar de Goda, parroquia de Artes, do municipio de Riveira, dunhas dúas áreas e cincuenta e nove centiáreas; que linda: Norte, estrada; Sur, Francisca Sampedro Pena; Este, estrada e Alfredo Otero Cano; e Oeste, camiño.*

Titular do inmovible: *Ramona Reiriz González, DNI número 76490341T, domicilio na Avenida do Ferrol, número 60, de Riveira, 100% do pleno dominio.*

Título: *Entrega de legado e partición de herdanza, en virtude da escritura outorgada o día 31/12/2009, ante o Notario de Riveira, Mª Covadonga Vázquez López, co número 1.920 do seu protocolo.*

Inscrición: *Non consta inscrita no Rexistro da Propiedade.*

Referencia catastral: *15074A003004910000KH.*

Clasificación do solo: *Solo de núcleo rural.*

Cargas: *Non constan.*

2º No punto “Quinto” do acordo citado, dispónse o seguinte: “Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura



FIRMANTE - FECHA





da escritura pública de adquisición do ben inmovible, sendo por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 18 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, dispón que o crédito tributario é indispoñible agás que a lei estableza outra cousa.

Polo tanto, no punto Quinto do referido acordo, no que se dispón que serán por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda, debe excluírse o Imposto Municipal sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (plusvalía), porque de conformidade co citado artigo, o crédito tributario é indispoñible excepto por lei, o que quere dicir que non rexen os pactos no pago dos impostos.

Por elo, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/03/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Modificar o punto Quinto do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 19/12/2019, quedando a súa redacción como segue a continuación: *“Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura da escritura pública de adquisición do ben inmovible, sendo por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda, agás o Imposto Municipal sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (plusvalía).”*

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DUN PARQUE ACUÁTICO INCHABLE NA PRAIA DE COROSO, TEMPADA DE VERÁN (DE XUÑO A SETEMBRO), PARA OS ANOS QUE ESTABLECE A CONCESIÓN. EXPEDIENTE: 2020LITO000006

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Escrito remitido ao Concello pola Demarcación de Costas de Galicia, de data 14 de novembro de 2019 (registro auxiliar da Demarcación de Costas en Galicia núm. 20190990034904, de data 19 de novembro de 2019), en relación cos servizos de tempada (instalacións de tempada e servizos de formación e ensinanza de surf, bodyboard, longboard, pádel surf) en praias da zona de Dominio Público Marítimo-Terrestre.

Anuncio da Demarcación de Costas de Galicia de información pública relativa aos servizos de tempada nas praias da provincia de A Coruña correspondentes ao ano 2020, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 279, do 20 de novembro de 2019.

SOLICITUDE OBXECTO DE INFORME



FIRMANTE - FECHA





Escrito presentado por André Vázquez Riveiro, de data 14 de febreiro de 2020 (entrada núm. 2.286), mediante o que expón: *"SOLICITO AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE UN PARQUE ACUÁTICO HINCHABLE EN LA PLAYA DE COROSO, EN LA TEMPORADA DE VERANO (DE JUNIO A SEPTIEMBRE), PARA LOS AÑOS QUE ESTABLECE LA CONCESIÓN. PARA ELLO ADJUNTO:*

- *PROYECTO DEL PLAN DE EXPLOTACIÓN Y SUS CONDICIONES TÉCNICAS*
 - *FOTOCOPIA DEL DNI DEL SOLICITANTE*
 - *JUSTIFICANTE DE PAGO DE FIANZA EN LA CAJA GENERAL DE DEPÓSITOS DE HACIENDA".*
- Achega documentación técnica explicativa da proposta.

LEXISLACIÓN AMBIENTAL APLICABLE

Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas

Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas

Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

Plan de conservación da Píllara das dunas (Charadrius alexandrinus L.) en Galicia, aprobado mediante Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

1. De conformidade co disposto nos artigos 113 e 152 do *Reglamento Xeral de Costas*, aprobado por *Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro*, a Demarcación de Costas de Galicia fai público que, no prazo comprendido entre o día seguinte ao da data de publicación do anuncio no BOE e o 27 de decembro de 2019, ambos inclusive, as persoas interesadas poderán solicitar o outorgamento de autorizacións para os servizos de tempada de praia correspondentes ao ano 2020 relativos á zona de dominio público marítimo-terrestre da provincia de A Coruña.

2. Este Concello non asumiu a xestión dos servizos de tempada nas praias para a tempada 2020, decisión comunicada á Demarcación de Costas de Galicia mediante escrito de data 3 de decembro de 2019 (saída núm. 5.963).

3. A autorización que outorgue a Demarcación en ningún caso exixe da obrigatoriedade de obter, con carácter previo ao montaxe das instalacións ou á iniciación da actividade, cantos títulos ou licenzas se precisen doutros organismos ou administracións públicas competentes, ou, no seu caso, de cumprimentar os trámites por eles establecidos para outras modalidades de intervención e control.

4. Establece o artigo 10.4 do *Plan de conservación da Píllara das dunas (Charadrius alexandrinus L.) en Galicia*, aprobado mediante *Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro*, ao respecto das normas específicas para a área de presenza, o seguinte: *"4. A autorización por parte das administracións estatal, autonómica e local de actividades deportivas, culturais e turísticas organizadas que impliquen aglomeracións de persoas ou perturbacións non habituais na praia debe de avaliar previamente a súa posible interacción coa especie e garantir que non é afectada."*

5. Establece o artigo 11.2 do *Plan de conservación da Píllara das dunas (Charadrius alexandrinus L.) en Galicia*, aprobado mediante *Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro*, ao respecto das normas específicas para a área prioritaria, o seguinte: *"2. En particular, a*



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 26/03/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/03/2020 10:32:51





xestión do medio litoral por parte das administracións estatal, autonómica e local competentes deberán ter en conta:

- a) A non ocupación do ecosistema dunar en praias de cría coa construción de paseos, estradas, pistas, aparcadoiros ou outros análogos.*
- b) A regulación do tránsito a pé de persoas e animais domésticos polo cordón dunar de xeito que, con carácter xeral, o tránsito quede limitado a corredores definidos de acceso."*

6. Establece o artigo 24 da *Lei 9/2013, do 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*, ao referirse á comunicación previa, o seguinte: "1. Con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentarán ante o concello respectivo comunicación previa na cal poñerán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a documentación acreditativa dos requisitos esixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación: (...) "

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 10/03/2020, no que sinala:

"INFORME

André Vázquez Riveiro solicita autorización para a instalación dun parque acuático inchable na praia de Coroso, cunha previsión de ocupación de 910 m² de dominio público marítimo-terrestre, sobre a lámina de auga, a unha profundidade mínima de 2,5 m. Na solicitude non se concreta a localización exacta da instalación. O aforo previsto é de 70 persoas/hora.

Segundo o procedemento aprobado pola Demarcación de Costas de Galicia, as persoas interesadas poderán solicitar o outorgamento de autorizacións para os servizos de tempada de praia correspondentes ao ano 2020 (instalacións expendedoras de bebidas, hidropedais, hamacas, terrazas, etc., e servizos de escolas surf, bodyboard, longboard, pádel surf) relativos á zona de dominio público marítimo-terrestre da provincia de A Coruña. A tramitación das solicitudes realizarase a través dos Concellos dos municipios costeiros da provincia nos que se pretenda levar a cabo os servizos. O Concello de Riveira, ao igual que en tempadas anteriores, renunciou á xestión dos servizos de tempada. A data límite establecida pola Demarcación de Costas de Galicia para efectuar as solicitudes foi o 27 de decembro de 2019.

Para o desenvolvemento da actividade o acceso ao areal de Coroso levaríase a cabo atravesando unha área prioritaria de conservación da pílara das dunas, segundo recolle o *Plan de conservación da Pílara das dunas (Charadrius alexandrinus L.) en Galicia*, aprobado mediante *Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro*. De conformidade co previsto no artigo 11.2, a xestión do medio litoral por parte das administracións estatal, autonómica e local competentes deberá ter en conta a regulación do tránsito a pé de persoas e animais domésticos polo cordón dunar de xeito que, con carácter xeral, o tránsito quede limitado a corredores definidos de acceso. Neste sentido, o único acceso permitido ao areal será polos itinerarios peonís existentes, pasarelas de madeira. Aínda que non se concreta a localización exacta da instalación no dominio público, o feito de se prevea instalar na lámina de auga, cunha profundidade mínima de 2,5 m, minimizaría calquera afección sobre a área de presenza e a área prioritaria de conservación da pílara das dunas.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 26/03/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/03/2020 10:32:51





De conformidade co previsto no artigo 24 da *Lei 9/2013, do 19 de decembro*, con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentarán ante o concello respectivo comunicación previa na cal poñerán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a documentación acreditativa dos requisitos esixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación.”

Según o anterior, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a instalación dun parque acuático inchable na praia de coroso, tempada de verán (de xuño a setembro), para os anos que establece a concesión, solicitada presentada por André Vázquez Riveiro, sen prexuízo da necesaria remisión á Demarcación de Costas de Galicia, co obxecto de que emita informe sobre a viabilidade da autorización no momento actual.

APROBACIÓN DE CESIÓN DE PARTE DE TERREO CON CONDICIÓN ONEROSA PRESENTADO POR D. FRANCISCO SAMPEDRO ROMAY.

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá**, Víctor Reiriz Lampón, de data 09/03/2020, na que propón a aceptación da cesión que formula D. Francisco Sampedro Romay, con DNI nº 33.154.498-K, dunha porción de terreo na finca ubicada no Polígono 802, parcela 891, sita no Lugar de Currelos, Ribeira; coa finalidade de cesión, libre de cargas e gravámenes, e permitir e facilitar o tránsito dos viandantes polo devandito lugar.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuita dunha porción de terreo na finca ubicada no Polígono 802, parcela 891, sita no Lugar de Currelos, Ribeira que fai ao Concello de Riveira D. Francisco Sampedro Romay.

A superficie cedida destinarase a permitir e facilitar o tránsito dos viandantes polo devandito lugar

Segundo.- Deixar constancia de que o Sr. Sampedro Romay cedeu, no seu día, unha porción de terreo da finca ubicada no Polígono 802, parcela 891 para permitir e facilitar o tránsito dos viandantes.

Cuarto.- Comunicar ao donante a aceptación da doazón.

Quinto.- Facultar ao Sr Alcalde para que, en nome e representación do Concello, subscriba a escritura pública correspondente.

Sexto.- Incorporar o ben adquirido ao libro do Inventario Municipal, dentro do epígrafe que corresponda segundo a súa natureza.





Sétimo.- Calquera cuestión litixiosa que se presente que afecte á propiedade do ben adquirido resolverase ante a xurisdición civil.

ANULACIÓN DE CONTRATO ADMINISTRATIVO RELATIVO A CONCESIÓN DO POSTO Nº 23 DA PRIMEIRA PLANTA DO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – CAVEIRO HOSTELERÍA Y SERVICIOS, S.L.

Visto o escrito presentado por **Caveiro Hostelería y Servicios, S.L.**, de data 08/01/2020 (Rexistro de entrada nº 255), no que solicita que sexa anulado o contrato administrativo de concesión do posto nº 23 da primeira planta do Mercado Municipal de Ribeira, con data 31/07/2017, xa que dito posto debería iniciar a prestación do servizo obxecto do contrato durante os 90 días posteriores á sinatura do mesmo (Cláusula 12ª.B.A) do PCT e 8ª.B.A) do PCA), polo cal, ao non cumprir coa dita cláusula solicita a anulación do mesmo e, así mesmo, solicita a anulación dos recibos pendentes e os pagados, así como a fianza esixida para a formalización do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Que se proceda á **anulación** do contrato administrativo de concesión do posto nº 23 da primeira planta do Mercado Municipal de Ribeira, do que é concesionario Caveiro Hostelería y Servicios, S.L.
- Que se proceda á devolución da fianza depositada para a fomalización do contrato de referencia.
- Que se proceda a dar de baixa nos padróns fiscais municipais a partir da data da presente resolución.
- Informar ao solicitante que non procede a devolución do importe dos anteriores recibos debido a que a causa de non iniciar a prestación do servizo non foi motivada por esta administración senón que foi debido a circunstancias derivadas da parte concesionaria.
- Dar traslado deste acordo ao interesado, así como aos departamentos municipais de Intervención e Tesourería

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

